



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DO CONCELLO DE LOBIOS CELEBRADA EN DATA DEZASEIS DE XUÑO DO ANO DOUS MIL SETE.

No salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Lobios, sendo as dez horas do día dezaseis de xuño do ano dous mil sete, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión extraordinaria do Pleno deste Concello que contou coa asistencia dos seguintes conselleiros/as proclamados/as electos/as pola Xunta Electoral :

D. Benito Vázquez Vázquez.
Dna. María del Carmen Yáñez Salgado.
D. Antonio Estévez González
Dna. María Belén González González
D. José Lamela Bautista
D. Manuel Paz León.
D. Tomás Fernández González.
D. Juan Benito Alvarez Pacheco
D. Jesús Deibe Fernández Simo.
D. Cayetano Carballo Suárez.
D. Francisco Veloso González.

Actúa como Secretaria a da Corporación Dna. Beatriz Díaz Rodríguez.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes:

PUNTO PRIMEIRO: APERTURA DA SESIÓN E POSTA EN COÑECEMENTO DA NORMATIVA APLICABLE.

A Secretaria explica que se reúne os concelleiros electos ós efectos de declarar constituída a corporación municipal do Concello de Lobios e de proceder á elección do Alcalde, a tenor do disposto nos artigos 195 de la Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral (en adiante LOREX) e 37 do Regulamento, Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (en adiante ROF), que preceptúan o seguinte:

1. Las Corporaciones municipales se constituyen en sesión pública el vigésimo día posterior a la celebración de las elecciones, salvo que se hubiese presentado recurso contencioso-electoral contra la proclamación de los concejales electos, en cuyo supuesto se constituyen el cuadragésimo día posterior a las elecciones.

2. A tal fin, se constituye una Mesa de Edad integrada por los elegidos de mayor y menor edad, presentes en el acto, actuando como Secretario el que lo sea de la Corporación.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

3. *La Mesa comprueba las credenciales presentadas, o acreditaciones de la personalidad de los electos con base a las certificaciones que al Ayuntamiento hubiera remitido la Junta Electoral de Zona*

4. *Realizada la operación anterior, la Mesa declarará constituida la Corporación si concurren la mayoría absoluta de los Concejales electos. En caso contrario, se celebrará sesión dos días después, quedando constituida la Corporación cualquiera que fuere el número de concejales presentes”*

PUNTO SEGUNDO: CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE E COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS.

A Sra. Secretaria sinala que a Mesa de Idade intégrase por ela mesma, como Secretaria da Corporación e polos seguintes concelleiros electos:

D. Benito Vázquez Vázquez, por ser o concelleiro electo presente de maior Idade.

D. Jesús Deibe Fernández Simo: por ser o concelleiro electo presente de menor Idade.

De seguido, A Mesa de Idade procede a examinar as credenciais presentadas polos concelleiros electos, atopándolas conformes á vista da certificación remitida ó efecto pola Xunta Electoral de Zona.

PUNTO TERCEIRO: CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN.

Compróbase pola Mesa de Idade que concorre á sesión constitutiva a maioría absoluta dos concelleiros electos (no caso deste Concello seis, o ser ó número de concelleiros once) e declara constituída a Corporación, de conformidade co sinalado no artigo 195.4 LOREX.

PUNTO CUARTO: COMPROBACIÓN DE REQUISITOS PARA A TOMA DE POSESIÓN.

CUARTO A) COMPROBACIÓN DA FORMULACIÓN E PRESENTACIÓN DAS DECLARACIÓN DE CAUSAS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDADE E ACTIVIDADES QUE PROPORCIONEN OU POIDAN PROPORCIONAR INGRESOS ECONÓMICOS E DECLARACIÓN SOBRE BENS PATRIMONIAIS.

En cumprimento do preceptuado no punto 5 do artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, e artigos 30 a 32 do ROF por parte da Sra.. Secretaria maniféstase que a totalidade dos concelleiros electos formulou e presentou no Rexistro de Entrada deste Concello a declaración de causas de posible



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

incompatibilidade e actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos e declaración sobre os bens patrimoniais e que as citadas declaracións aparecen asinadas polos interesados e pola Secretaria da Corporación na súa función fedataria, polo que a súa sinatura non fai referencia á veracidade do declarado por aqueles.

CUARTO B) PRESTACIÓN DE XURAMENTO OU PROMESA DAS OBRIGAS DO CARGO:

Por parte da Sra.. Secretaria dáse lectura ó preceptuado polo artigo 108.8 da LOREX, que sinala o seguinte *“En el momento de tomar posesión y para adquirir la plena condición de sus cargos, los candidatos electos deben jurar o prometer acatamiento a la Constitución, así como cumplimentar los demás requisitos previstos en las leyes o reglamentos respectivos”*. Indica que a fórmula está establecida polo Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, coincidindo coa facilitada ós concelleiros e que se procederá a chamar ós proclamados electos pola orde que figuran na proclamación de electos remitida ó Concello pola Xunta Electoral de Zona para que individualmente formulen o preceptivo xuramento ou promesa.

Despois da prestación de xuramento ou promesa por parte da totalidade dos concelleiros electos, a Secretaria fai saber que toman formalmente posesión do seu cargo de concelleiro.

PUNTO QUINTO: ELECCIÓN DO ALCALDE

De seguido, a Secretaria da lectura ó preceptuado no artigo 196 da LOREX, que establece o procedemento para a elección do Alcalde:

“En la misma sesión de constitución de la Corporación se procede a la elección de Alcalde, de acuerdo con el siguiente procedimiento:

a) Pueden ser candidatos todos los Concejales que encabecen sus correspondientes listas.

b) Si alguno de ellos obtiene la mayoría absoluta de los votos de los Concejales es proclamado electo.

c) Si ninguno de ellos obtiene dicha mayoría es proclamado Alcalde el Concejale que encabece la lista que haya obtenido mayor número de votos populares en el correspondiente Municipio. En caso de empate se resolverá por sorteo.”

Sinala a Sra.. Secretaria que os concelleiros que encabezan as correspondentes listas, candidatos para o cargo de Alcalde, son os seguintes:

D. BENITO VÁZQUEZ VÁZQUEZ, cabeza da lista electoral do PP.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

D. JOSÉ LAMELA BAUTISTA, cabeza da lista electoral do PSG-PSOE.
D. JESUS DEIBE FERNÁNDEZ SIMO, cabeza da lista electoral do BNG.
D. FRANCISCO VELOSO GONZÁLEZ, cabeza da lista electoral Indpendientes de Lobios.

En canto a forma de emitir ó voto, todos os concelleiros electos deciden votar a mán alzada, acadándose o seguinte resultado:

- **VOTOS OBTIDOS POR D. BENITO VÁZQUEZ VÁZQUEZ:** Catro (Sres/as Vázquez Vázquez, Yáñez Salgado, Estévez González e González González)

- **VOTOS OBTIDOS POR D. JOSÉ LAMELA BAUTISTA:** Seis (Sres. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Alvarez Pacheco, Fernández Simo e Carballo Suárez).

- **VOTOS OBTIDOS POR D. JESÚS DEIBE FERNÁNDEZ SIMO:** Cero.

- **VOTOS OBTIDOS POR D. FRANCISCO VELOSO GONZÁLEZ:** Cero. (O Concelleiro electo D. Francisco Veloso González abstívose nesta votación).

Visto o resultado obtido, é proclamado Alcalde D. José Lamela Bautista ó obter á maioría absoluta dos votos emitidos.

PUNTO SEXTO: PRESTACIÓN DE XURAMENTO O U PROMESA E TOMA DE POSESIÓN DO ALCALDE.

De seguido, D. José Lamela Bautista procede a prestar xuramento ou promesa, tomando posesión do seu cargo e pasa a presidir a Corporación, sendo convidado polo Presidente da Mesa de Idade, o concelleiro electo D. Benito Vázquez Vázquez, a ocupar o lugar de Presidencia.

O novo Alcalde dirixe unha s palabras ós asistentes, agradecendo o apoio do BNG e solicitando a axuda e colaboración do PP e IL para conseguir o desenvolvemento social e económico de Lobios e a fixación da poboación no termo municipal.

PUNTO SÉTIMO: INVENTARIO DE BENS E ARQUEO EXTRAORDINARIO.

Por parte da Secretaria dáse lectura ó preceptuado no artigo 36.2 do ROF “*Los Secretarios e Interventores tomarán las medidas precisas para que el día de la constitución de las nuevas Corporaciones Locales se efectúe un arqueo y estén preparados y actualizados los justificantes de las existencias en metálico o valores propios de la Corporación, depositados en la Caja Municipal o entidades bancarias, así como la documentación relativa al inventario del patrimonio de la Corporación y de sus Organismos autónomos*”.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Dáse conta pola Secretaria dos informes emitidos en relación co citado artigo 36.2 do ROF, sinalando que se adxuntan unicamente os certificados de saldos bancarios, xa que a contabilidade municipal non se atopa ó día, situación existente na data da súa toma de posesión o pasado vinte de abril do presente ano. En canto ó Inventario de Bens, indica a imposibilidade, por parte da Secretaría, de autorizalo e de adoptar as medidas necesarias para poder efectuar a comprobación, dado que o mesmo atópase obsoleto.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente levanta a sesión, sendo as dez horas e vinte minutos do día da data do que eu, como Secretaria, dou fe

O Presidente

A Secretaria

Asdo.: José Lamela Bautista

Asdo.: Beatriz Díaz Rodríguez